

1

O grupo nominal: substantivo, adxectivo e artigo

1 Subliña dous grupos nominais en cada oración e arrodea os núcleos.

- Saleta ten unha casa antiga enorme.
- O pai de Carme é aquel home alto.
- A zanfona ten un son moi característico.
- O primeiro concursante acertou catro preguntas.



2 Une cada grupo nominal co complemento adecuado.

Uns brazos

con flores brancas

A mestra

moi faladoras

Unhas rapazas

ben fortes

Aquel tarro

de Lingua

3 Analiza os grupos nominais coma no exemplo.

• a miña irmá pequena
Det. Det. N. Compl.

• unhas zapatillas vellas

• a nosa amiga de Ferrol

• aquel coche vermello

• tres cuncas de caldo

• algúns vasos de plástico

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Un **grupo nominal** é un grupo de palabras agrupadas arredor dun substantivo.

O **substantivo** é a palabra máis importante do grupo nominal e realiza a función de **núcleo**.

Hai outras palabras que poden formar parte dun grupo nominal: substantivos, adxectivos, artigos, demostrativos... Algunhas, como os artigos, realizan a función de **determinantes**, e outras, como os adxectivos, fan a función de **complementos**.